

Grazas por facernos máis fortes, máis actuais, máis plurais



PUBLICIDADE

PORTADA | TECNOLOXÍA | REDE

GALIZA ELECTRÓNICA

Nace a primeira comunidade de música disco na internet

Redacción. Galiza electrónica nace co fin de fomentar os distintos estilos da música electrónica, os produtores e os dj's galegos. Nos seus primeiros días, a páxina web foi visitada por máis de 1.500 persoas.

16.04.2008 | 17:37

TAGS: MÚSICA ELECTRÓNICA , GALIZA ELECTRÓNICA , DJ'S ,

A principios do mes comezou a andaina de [Galiza Electrónica](#), a primeira comunidade galega na internet sobre os distintos estilos de música disco. Alberte Grandal e un grupo de colaboradores afeccionados á música electrónica decidiron poñer en marcha unha iniciativa pioneira que tentará elaborar unha biografía dos dj's galegos, que en verbas do webmaster "hai moitos e moi bos, mesmo montan temas con letras en galego".

Ademais dar a coñecer a música galega, Galiza Electrónica informa acerca das novidades mundiais deste estilo musical, que conta cun bo número de seareiros no país. Noticias, reportaxes, entrevistas a produtores e dj's, guías de locais, axendas de festivais e eventos, chats e foros son algúns dos contidos que recolle a web, dirixida "a xente de todas as idades á que lle gusten este tipo de música". Segundo explica o impulsor do espazo, "recollemos e prestámoslle atención aos distintos estilos da electrónica". Este é un dos motivos polos que nos seus primeiros días de vida, a páxina, que está aberta ás suxestións e aos escritos de todos os amantes da música electrónica, acadou máis de 1.500 visitas sen apenas contar con publicidade.

COMPARTIR

Últimas + lidas + votadas + comentadas

Luns, 06 de xullo de 2009 | 19:54 1/4

Onde aconteceu...



A Xunta podería utilizar o aforro nos libros de texto para axudas a centros privados
Os sindicatos CC OO, UGT e STEG afirmaron que sospeitan...



Beiras: 'Pode emerxer unha alternativa se o BNG acaba nun tinglado institucional'
O ex portavoz nacional do Bloque Xosé Manuel Beiras...



O PSdeG critica a 'parálise' do concurso eólico
Os socialistas galegos critican a 'parálise' do concurso...



Primeira vítima tras o golpe de Estado en Honduras
A vítima é un mozo de 19 anos que participaba nas...




Os escándalos de Berlusconi eclipsan o cumio do G-8
Que se vai celebrar en L'Aquila Os escándalos de...



O BNG insta a Feixóo a pronunciarse sobre a moción de Gondomar
O BNG presentou no rexistro do Parlamento unha pregunta...



A Xunta confía en que as reservas hostaleiras descendan por baixo do 20%
A secretaria xeral de Turismo, Carme Pardo, mostrouse...



Unha marca de preservativos patrocina o CD Lugo
O CD Lugo lucirá na vindeira campaña na súa...